



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DOUS PEÓNS.

"PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA Ten por obxecto a presente convocatoria a contratación temporal de dous peóns para formar a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais mediante contrato de obra ou servizo cunha duración de sete meses. A xornada de traballo será de 40 horas á semana e a retribución mensual bruta de 1.266,26 €.

SEGUNDA. REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES Para poder tomar parte no proceso de selección será necesario que os/as aspirantes reúnan os seguintes requisitos:

1. Ser español e maior de 16 anos, con idade non superior á xubilación, sen prexuízo do disposto na legalidade vixente para o acceso dos nacionais dos Estados membros da U.E., así como os estranxeiros residentes en España.
2. Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar incurso en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente ni estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
3. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
4. Posuír o certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.
5. Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito debe cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

TERCEIRA. REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES En aplicación ao disposto no punto 2.1. das bases do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes publicadas pola Deputación Provincial no BOP núm. 243 do 26.12.2016, as/os aspirantes deberán estar incluídos nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- a) Mulleres, ó ter un índice de paro rexistrado sensiblemente superior ó dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Persoas desempregadas de longa duración: aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandante de emprego.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- e) Persoas en situación de drogodependencia.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

- f) Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego.
- g) Persoas en fogar monoparental/monomarental.
- h) Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j) Persoas sen fogar.

CUARTA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR A convocatoria do presente proceso selectivo publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e a convocatoria e as bases que a rexen na páxina web do concello (www.concellodemesia.gal) e no taboleiro de edictos da Casa Consistorial.

Os resultados das probas, a efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e emprazamentos deles, levaranse a cabo unicamente a través da páxina web e do taboleiro de anuncios do concello.

As/Os interesadas/os deberán presentar no Rexistro Xeral do concello no prazo de oito días naturais contados dende a publicación da presente convocatoria no boletín oficial da provincia, a solicitude de participación segundo o Anexo I destas bases acompañada da seguinte documentación:

- Copia compulsada de DNI e do carne de conducir, se é o caso.
- Copia compulsada do certificado de estudos.
- Certificado da oficina de emprego que acredite de ser unha persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.
- Copia compulsada da tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- Copia cotexada do Celga 2 ou equivalente, de ser o caso. De non acreditarse o coñecemento o galego será obrigatoria a realización dun exercicio de coñecemento de galego. Consistirá nunha proba oral nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto ou non apto e terá carácter eliminatorio (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).
- Documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento dalgún dos requisitos específicos sinalados na base tres destas bases:
 - a) Muller e persoas maiores de 45 anos: Copia compulsada do DNI.
 - b) Persoas desempregadas de longa duración: Informe de vida laboral actualizado.
 - c) Persoas con discapacidade: Copia compulsada do certificado do recoñecemento da dita discapacidade emitida polo órgano competente.
 - d) Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego, fogar monoparental/monomarental ou persoas sen fogar; vítimas de violencia de xénero:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

Informe dos servizos sociais municipais.

Para a xustificación dos méritos, coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

- A acreditación dos servizos prestados poderá efectuarse mediante certificación expedida pola entidade na que se prestaron os servizos, indicando a duración total e os períodos de duración dos servizos prestados e/ou mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo xunto co informe de vida laboral.
- A acreditación da realización de programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas realizarase mediante certificación da entidade que impartiu o curso ou mediante copia compulsada do documento oficial acreditativo da súa realización.

A presentación da documentación poderá facerse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No caso de que se presentase a documentación noutros lugares que non fose o Rexistro xeral do Concello, os solicitantes deberán remitir o mesmo día do envío un fax ao número 981687069 ou un e-mail á correo@concellodemesia.gal axuntando a copia do xustificante de envío da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación. Se non o fixeran así non se terán en conta as solicitudes que cheguen ao concello con posterioridade ao prazo previsto nestas bases para a presentación de solicitudes.

QUINTA. ADMISIÓN DOS ASPIRANTES Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello, nun prazo non superior a 3 días hábiles, unha relación de aspirantes para o posto, especificando o cumprimento dos requisitos expostos nas bases segunda e terceira.

As/Os aspirantes terán un prazo non inferior a 3 días hábiles para a subsanación de deficiencias e/ou reclamacións dende a publicación no taboleiro de anuncios.

Nun prazo non superior a 3 días hábiles dende a terminación do prazo anterior ou, no caso de non exista necesidade de subsanación nin de reclamación, dende a publicación da relación de aspirantes publicarase a relación definitiva de admitidas/os e excluídas/os nas probas selectivas que será publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Na mesma resolución emprazarase ás/aos aspirantes admitidas/os para a realización do exame e a entrevista.

SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN O sistema de selección será o de concurso - oposición. Os méritos das/dos aspirantes, a entrevista e o exame valoraranse de acordo co baremo establecido no punto sétimo destas bases. **SÉTIMA.- CRITERIOS DE SELECCIÓN**

1.Fase de concurso. Puntuación máxima: 14 puntos. Nela valorarase:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

- a. Méritos. Puntuación máxima: 5 puntos.
 - i. Por posuír formación superior ao título de escolaridade, estudos primarios e/ou equivalente: 1 punto.
 - ii. Por posuír o carne de conducir:
 - a. tipo B: 0,50 puntos.
 - b. superior ao B: 1 punto.
 - iii. Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral: 1 punto por programa ata un máximo de 3 puntos.
- b. Experiencia profesional. Nela valorara a experiencia en traballos análogos ao obxecto da presente convocatoria. Puntuación máxima: 9 puntos.
 - i. Por experiencia como peón ou categoría análoga na administración pública: 0,25 puntos por mes traballado.
 - ii. Por experiencia como peón ou categoría análoga na empresa privada: 0,15 puntos por mes traballado.

2. Fase oposición. Realización dun exame tipo test sobre materias relacionadas co temario anexo. Esta proba escrita será un test de 30 preguntas e valorarase de 0 a 24 puntos debendo obter unha puntuación mínima de 12 puntos para superar a proba. Cada pregunta acertada valorarase con 0,80 puntos e cada pregunta fallada descontará 0,40 puntos.

3. Entrevista Persoal: O Tribunal realizará un máximo de 10 preguntas relacionadas coas funcións propias do posto de traballo, actuacións habituais do Concello no eido das obras e servizos municipais, materias específicas do programa recollido no Anexo II desta convocatoria, coñecementos profesionais básicos e/ou preguntas de índole curricular e de personalidade, a fin de avaliar as aptitudes e actitudes dos aspirantes, así como apreciar a adecuación entre os méritos dos aspirantes e o perfil do posto de traballo a ocupar. Puntuación máxima: 2 puntos.

OITAVA.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL O Tribunal, que levará a cabo a selección dos aspirantes, estará composto por: Presidente D. Luís González Guerra, encargado de obras e urbanismo do Concello de Boimorto. Suplente: D. Manuel Vázquez García, encargado de servizos do Concello de Boimorto.

Vocais: D. Ramiro Rama Figueira, capataz da brigada de obras do Concello de Ordes. Suplente: D. Pedro Ferreiro Rodríguez, oficial de obras do Concello de Ordes.

D.^a Inés Sánchez del Río, funcionaria do Concello de Mesía. Suplente: D.^a Ana M^aVallo Camba, aedi do Concello de Boimorto.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

D.^a Carmen Blanco Villares, funcionaria do Concello de Mesía. Suplente: D. Francisco Javier Aguión Veiga, condutor palista de desbrozadora do Concello de Boimorto.

Secretario, con voz e sen voto: D. Eladio Bendaña Pardo, secretario-interventor do Concello de Mesía. Suplente: D. Jaime Mata Sesmonde, funcionario do Concello de Mesía.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orden á cobertura de prazas convocadas, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto..

NOVENA.- RESOLUCIÓN Concluído o proceso selectivo, o Tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada un das/os aspirantes no taboleiro de anuncios do Concello, establecendo un prazo de dous días naturais para a presentación de reclamacións; no caso de existiren estas reunirase novamente o tribunal para resolvelas. A cualificación obtida polas/os aspirantes será a resultante da suma dos puntos obtidos do punto sétimo destas bases. O Tribunal cualificador elevará proposta de contratación ao Alcalde do Concello a favor das/dos tres aspirantes que obtivesen a puntuación máis alta, o que se propoñerá para a súa contratación. Aprobada por decreto de Alcaldía, a proposta do Tribunal, notificarase ás/aos interesadas/os para que subscriban o contrato laboral correspondente.

DÉCIMA. PUBLICIDADE As presentes bases daráselles publicidade a través dun diario dos de maior difusión da provincia e publicaranse tamén no taboleiro de anuncios do concello. Igualmente facilitarase copia delas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello.

Os resultados, a efectos de notificación das/os interesadas/os, así como as citacións e emprazamentos que correspondan, levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios do concello.

UNDÉCIMA.- RECURSOS Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios do concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa.

Asemade poderá interpoñer, de conformidade co preceptuado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo no xornal. O recurso de reposición deberao resolver e notificar o concello no prazo dun mes. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que recaera resolución en prazo, entenderase desestimado e quedará aberta a vía contencioso -



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

administrativa.

DUODÉCIMA. ANEXOS Anexo I.- SOLICITUDE PARTICIPACIÓN PROCESO DE SELECCIÓN DOUS PEÓNS.

D./D^a....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en C.P., teléfono

EXPÓN: Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo de dous PEÓNS para a cuadrilla de obras e servizos municipais conforme á subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro da Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes correspondente á anualidade 2018, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía de 23 de maio de 2018.

Para tal efecto FAI CONSTAR:

- 1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.
- 2º.- Que non está separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin está incurso en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. Que, no caso de ser nacional doutro Estado, non está inhabilitado/a ou en situación equivalente nin está sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- 3º.- Que non padece enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- 4º.- Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.
- 6º.- Que son certos todos os datos sinalados na presente solicitude.
- 7º.- Que achega coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación.

SOLICITA: Ser admitida/o a participar no referido proceso selectivo.

Documentación que achega:

- Copia compulsada do DNI.
- Copia compulsada do carne de conducir, se é o caso.
- Copia compulsada da titulación esixida.
- Certificado da oficina de emprego que acredite de ser unha persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

- Copia compulsada da tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- Copia cotexada do Celga 2 ou equivalente, se é o caso
- Copia compulsada do certificado de recoñecemento dunha discapacidade emitido polo órgano competente, se é o caso.
- Informe de servizos sociais, se é o caso.
- Certificación expedida pola entidade na que se prestaron os servizos, indicando a duración total e os períodos de duración dos servizos prestados e/ou copia compulsada dos correspondentes contratos de traballo ou documentación acreditativa do tempo traballado e o posto de traballo desempeñado xunto co informe de vida laboral.
- Certificación da entidade que impartiu programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas ou copia compulsada do documento oficial acreditativo da súa realización.

En, a....., de, de 2018

Asdo.:

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA

Anexo II.- TEMARIO

1. Xardinería
 - 1.1. Tarefas desenvolvidas polo peón.
 - 1.2. Podas.
 - 1.3. Abonados.
 - 1.4. Rego.
 - 1.5. Mantemento de céspedes.
 - 1.6. Maquinaria de xardinería. Utilización e mantemento.
 - 1.7. Elementos e medidas de protección e seguridade. Normativa de seguridade no traballo.
2. Mantemento de estradas
 - 2.1. Traballos de conservación de estradas.
 - 2.2. Limpeza de cunetas.
 - 2.3. Bacheo e outras reparacións de estradas.
 - 2.4. Tipos de maquinaria e equipos. O seu funcionamento e mantemento.
 - 2.5. Elementos e medidas de protección e seguridade. Normativa de seguridade no traballo."